

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4ºESO LOMCE



CURSO 2022-2023

XEFE DE DEPARTAMENTO: JORGE AGULLÓ GARCÍA

CONTENIDO

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

**CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA Á CONSECUCIÓN DAS
COMPETENCIAS CLAVES**

OBXECTIVOS DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

MÉTODO

ACTIVIDADES

RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

AVALIACIÓN: PROCEDIMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

MÍNIMOS ESIXIBLES 4º ESO

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

PENDENTES

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE RECUPERACIÓN.

GARANTÍAS DE OBXECTIVIDADE

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ELEMENTOS TRANSVERSAIS**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES****AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS****MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS CON RESPECTO Á PROGRAMACIÓN DO ANO PASADO****DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ESPECÍFICA PARA CADA MATERIA****BIOLOXÍA E XEOLOXIA 4º ESO (LOMCE)****ASPECTOS CUALITATIVOS DA AVALIACIÓN(ANEXO1)****AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE****ANEXOS:**

ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O **IES NUMERO 1**, está situado no concello de .A Estrada. A Estrada é un pobo pertencente a provincia de Pontevedra pero, mais próximo á cidade de Santiago. É. unha a localidade moi dinámica que conta cunha poboación duns 9.477segundo o ultimo censo do ano 2014.En todo o concello hai uns **20.479(CENSO 2019)** habitantes pero a maioría das parroquias seguen perdendo poboación desde o 2011.O incremento do censo en la capital estradense entra en claro contraste coa tendencia que se describe no amplo ámbito rural (51 parroquias).

Aínda que o como xa dixemos o centro se sitúa nun pobo próximo a unha cidade,os alumnos do centro proceden do entorno rural, sendo casi na súa totalidade o número de alumnos que se desprazan en autocar. **Os colexios adscritos son os de Codeseda (Cabada Vázquez), O Foxo , Oca e Santa Cristina de Veá (Manuel Villar Parama)**

El nivel socio- económico do alumnado é en xeral medio ou medio baixo. Isto vai ser tido en conta á hora de que os alumnos realicen traballos na casa pois moitos deles, sobre todo no primeiro ciclo non contan con conexión a internet ,pero xa notamos desde o confinamento (2020) e suspensión das clases presencialmente que **hai conexión a internet na maioría dos fogares,polo que poden traballar dixitalmente(aula virtual do centro).**

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía, este curso ,é unipersonal polo que que o xefe do departamento encárgase de programar e impartir as materias de Bioloxía e Xeoloxía de 1º, 3º e 4º da ESO.

GRUPOS	ALUMNADO	PROFESOR	HORAS/SEM ANA	ESPAZOS
1º ESO A/B	18/17=35 alumnos	JORGE AGULLÓ GARCÍA	4 HORAS	AULA 5,6 LABORATORIO
3º ESO A/B	21/13=34 alumnos		2 HORAS	AULA 2,3, LABORATORIO
4º ESO A	11 alumnos		3 HORAS	AULA 11 LABORATORIO

Para que o manexo deste documento sexa doado, se programan **os distintos aspectos didácticos a dous niveis:**

1º) **Aspectos comúns** para as materias do departamento de Bioloxía e Xeoloxía, como: metodoloxías, materiais e recursos didácticos usados, mínimos esixibles, criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado, organización das materias pendentes, medidas de atención á diversidade, elementos transversais, actividades complementarias e extraescolares e, por último, mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.

2º) **Aspectos didácticos específicos** para cada materia e por bloques de contidos ou unidades didácticas, de tal forma que nas programacións de cada materia se especifica.

Preséntase a programación en forma de táboa, na que se indican os contidos por bloques. Para cada bloque de contidos, se indica:

- **Temporalización**
- **Contidos dese bloque**
- **Temas do libro nos que se desenvolve cada contido**
- **Obxectivos da programación que se acadan**
- **Criterios de avaliación que se aplican**
- **Estándares de aprendizaxe para cada criterio**
- **Competencias clave que se desenvolven con cada estándar de aprendizaxe**
- **Indicadores de logro para cada estándar de aprendizaxe**

Ademáis explícase fóra da táboa:

- a **temporalización** dos estándares de aprendizaxe, referíndose aos contidos por temas
- a **concreción dos elementos transversais** traballados

CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVES

Ao finalizar a etapa, o alumnado deberá adquirir os coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual afianzaranse durante esta etapa; igualmente o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e á análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se suscitan, e coñecer e utilizar as normas básicas de seguridade e uso do material de laboratorio.

Cada materia contribúe de forma específica á consecución das competencias, de tal forma que para cada estándar de aprendizaxe pódese atribuír o desenvolvemento dunha ou máis competencias (concretadas na parte específica para cada materia, sinalando con siglas maiúsculas ás competencias que lle corresponden a cada estándar).

Ás materias do departamento, tamén contribúen dun xeito xeral á consecución de cada competencia, como se indica a continuación:

Competencia en comunicación lingüística (CL)

A contribución deste departamento á competencia lingüística, desenvólvese por medio de dúas vías:

- Configuración e transmisión de ideas e información sobre a natureza, que é posible dende o aprendizaxe desta materia. O cuidado na **precisión dos termos usados**, da secuenciación adecuada das ideas e da expresión oral das relacións, contribúen a esta competencia.
- A **adquisición do vocabulario** e expresións do acervo lingüístico de uso común e a **terminoloxía específica** sobre os seres vivos, os objetos e os fenómenos naturais fai posible comunicar adecuadamente unha parte moi relevante da experiencia humana e comprender suficientemente o que outros expresan sobre ela.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

- **Resolución de problemas científicos** aplicando estratexias matemáticas.
- Traballo coas principais unidades das magnitudes máis usuais
- Uso da linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais, analizar causas e consecuencias e expresar datos e ideas en gráficos e táboas.
- **Elaboración de esquemas e mapa conceptuais** para organizar a información relativa a un tema.
- Utilizar diferentes **programas informáticos** para presentar información textual ou gráfica e acceder a recursos educativos en internet.

Competencia para aprender a aprender (CAA)

- Asimilar os novos coñecementos á estrutura de coñecemento persoal.
- Analizar as causas e as consecuencias dun proceso natural.

- Chegar ao coñecemento por medio da experimentación.
- Integrar o coñecemento experimental co coñecemento bibliográfico.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

- Contribuír á **alfabetización científica** para valorar adecuadamente as investigacións recentes.
- Comprender a evolución da sociedade baixo o prisma dos avances científicos.
- **Respectar o traballo e as opinións dos compañeiros.**

Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

- Desenvolver a capacidade de análise para iniciar e levar a cabo proxectos de tipo experimental.
- Propoñer hipóteses e analizar a coherencia coas observacións realizadas.
- Potenciar o espírito crítico fronte a informacións de calquera índole.
- Participar na construción tentativa de solucións dun problema.

Competencia da conciencia e expresións culturais (CCEC)

- **Recoñecer a composición do noso entorno**, promovendo o seu **coidado e a súa conservación**.
- **Distinguir os distintos tipos de seres vivos** que nos rodean e os que son máis característicos da zona da A Estrada.
- Coñecer o funcionamento do corpo humano e **promover hábitos de saúde**.
- Comprensión dos elementos fundamentais da cultura científica.

OBXECTIVOS DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA

Os obxectivos xerais que se acadan coas materias do departamento son os que seguen. Están sinalados cunha letra porque nas programacións específicas de cada materia se concreta para cada estándar que obxectivo se alcanza.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i)** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
- l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Aínda que cada unidade didáctica leva a súa organización temporal hai que ter en conta que a temporalización (en xeral, toda a Programación) debe ter algo de flexibilidade para adaptarse ás características da cada grupo.

Na programación específica de cada materia, se inclúe a temporalización dos contidos da mesma.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

MÉTODO

As distintas unidades didácticas están organizadas baseándose nos **contidos conceptuais**. O redor deles están os contidos soportes, divididos en **contidos actitudinais e procedementais**.

Nesta programación preténdese seguir unha metodoloxía que favoreza a capacidade do alumno para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplica-los métodos apropiados de investigación, dado que as Ciencias Naturais son ciencias experimentais.

Os eixes sobre os que xirará a metodoloxía serán:

1. **Poñer o alcance do alumnado os recursos necesarios:** explicacións, libros, libros dixitais(EDIXGAL), documentos, ordenador, aula virtual....
2. **Favorecer a construción de aprendizaxes significativos**, nos que se terán en conta as vivencias e experiencias previas dos alumnos e o interese polos distintos temas. O profesor actúa como orientador e integrador do proceso de aprendizaxe activo dos alumnos . Para isto, é necesario facer un sonda previo de coñecementos en cada bloque temático (**avaliación inicial**).
3. **Que os alumnos aprendan a aprender:** dominar técnicas e estratexias cos seus procedementos e analizar, sintetizar, relacionar.
4. **Favorecer a investigación, por si mesmo e en equipo.** O profesor , propondrá as actividades e supervisará os procedementos, (que estarán adaptados a os obxectivos do currículo e as capacidades reais do alumnado) e avaliará os resultados. A organización dos procedementos seguirá a secuencia das fases do procedemento científico: planificación, investigación, interpretación e aprendizaxe, e comunicación dos resultados dos alumnos
5. **Favorecer o traballo en equipo**, por parte do alumnado (actividades en pequenos grupos), a participación e tolerancia a través de actividades de clase (gran grupo) e a reflexión e traballo individual.

ACTIVIDADES

O curso desenvolverase seguindo as pautas seguintes:

- Ao inicio de cada tema ou de cada novo concepto que ha de tratarse, a profesor/a utilizará unha metodoloxía expositiva utilizando na medida do posible as novas tecnoloxías (**ordenador, cañón, conexión a internet**), con

presentacións en Power Point, imaxes e animacións(videos), etc., para despois invitar aos alumnos a que investiguen sobre aspectos concretos.

- Lectura inicial de cada tema do libro de texto por parte do alumnado , inicio das actividades correspondentes a dita lectura, por escrito, no seu caderno de traballo.
- Elaboración de apuntes que faciliten o estudo dos conceptos.
- Realización de traballos monográficos interdisciplinares e búsqueda de información en Internet e en enciclopedias existentes nas súas casas e na biblioteca do Instituto
- Realización dun traballo bibliográfico na 1ª Avaliación, que será formateado durante a 2ª Avaliación a power-point, prezi ou outro modelo expositivo. Na 3ª Avaliación os alumnos expondrán os seus traballos.
- Prácticas de laboratorio nas que uns **poucos alumnos (5 ou 6) actuarán de monitores da práctica para o resto dos compañeiros.**

As actividades propostas ó alumnado, seguindo as pautas antes mencionadas, son:

- Elaboración de apuntes da materia
- Resolución de cuestionarios, problemas e situacións reais.
- Interpretación de esquemas e gráficos.
- Consultar bibliografía, fichas e informes.
- Lectura e debate sobre noticias de prensa ou acontecementos locais.
- Prácticas de laboratorio e campo.
- Cuestionarios de avaliación.
- Resumes, esquemas, memorias, conclusións das prácticas de laboratorio.
- Actividades audiovisuais, como vídeos, diapositivas, ordenador,...
- Participación no proceso avaliativo.
- Obter información por internet.

RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

- **Profesores:**
 - Bioloxía e Xeoloxía **4º ESO** : Jorge Agulló García
- **Libro de texto:**
 - Bioloxía e Xeoloxía **4º ESO da Editorial Anaya(2016)**

- Bibliografía, biblioteca ou prensa.
- Material audiovisual: vídeos, e diapositivas, ordenador na aula(presentacións), pizarra.
- Laboratorio e material de laboratorio.
- Saídas e visitas didácticas.
- Conferencias e charlas e obradoiros.
- Cadernos de traballo e de prácticas.
- Actividades realizadas polo profesor
- **AULA VIRTUAL DO CENTRO.**

MÍNIMOS ESIXIBLES : CLAVE:

Texto azul=CONTIDO MÍNIMO

Texto riscado=CONTIDO SUPRIMIDO

4º ESO

Biología e Xeoloxía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe Mínimos	Indicadores de logro	I. de logro %	Competencias clave
Bloque 1. A evolución da vida(TEMAS 4,5,6,9)						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Célula procariota e célula eucariota: relacións evolutivas. Célula animal e célula vexetal: morfoloxía e función. <p style="text-align: center;">TEMA 1</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Determinar as analogías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e reconece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferencia a célula procariota e eucariota ▪ Enumera as diferencias entre célula animal e vexetal ▪ Identifica as diferentes formas celulares 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT

Biología e Xeoloxía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe Mínimos	Indicadores de logro	I. de logro %	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as diferentes formas celulares e identifica a imaxe obtida por MO ou ME 	10%	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA
<ul style="list-style-type: none"> f g 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Núcleo e ciclo celular. <p style="text-align: center;">TEMA 2</p>	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os compoñentes do núcleo 	10%	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> g f 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Cromatina e cromosomas. Cariotipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Diferencia entre Cromatina e Cromosomas Identifica as partes de un Cromosoma 	20%	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> g f h 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Mitose e meiose: principais procesos, importancia e significado biolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> Diferencia entre mitose e meiose- Sabe a importancia bioóxica de cada proceso 	10% 10%	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> g f h 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Ácidos nucleicos: ADN e ARN. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes. 	<ul style="list-style-type: none"> Diferencia ADN e ARN Identifica a composición e a estrutura do ADN 	10%	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> g h 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. ADN e xenética molecular. Proceso de replicación do ADN. Concepto de xene. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica a Duplicación do ADN e o seu significado biolóxico 	20%	<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> g b 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Expresión da información xenética. Código xenético. <p style="text-align: center;">TEMA 3</p>	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético. 	<ul style="list-style-type: none"> Distingue entre transcrición e tradución 	10%	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Mutacións. Relacións coa 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Valorar e recoñecer o papel das 	<ul style="list-style-type: none"> BXB1.8.1. Recoñece e explica en que 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as mutacións, 	10%	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Biología e Xeoloxía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe Mínimos	Indicadores de logro	I. de logro %	Competencias clave
▪ a	evolución.	mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	consisten as mutacións e os seus tipos.	<p>a causa e as súas consecuencias</p> <p>▪ Sabe o papel das mutacións na Evolución da vida.</p>		▪ CAA
▪ f ▪ g ▪ h	<p>▪ B1.9. Herdanza e transmisión de caracteres. Introducción e desenvolvemento das leis de Mendel.</p> <p>▪ B1.10. Base cromosómica da herdanza mendeliana.</p> <p>▪ B1.11. Aplicacións das leis de Mendel.</p>	▪ B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	▪ BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.	<p>▪ Identifica os conceptos xenéticos principais</p> <p>▪ Resolve problemas sinxelos de xenética mendeliana.</p>	<p>▪ 20%</p> <p>▪ 25%</p>	<p>▪ CMCCT</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CCEC</p>
▪ g	▪ B1.12. Herdanza do sexo e herdanza ligada ao sexo.	▪ B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.	▪ BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.	▪ Resolve problemas sinxelos de xenética humana	▪ 25%	<p>▪ CAA</p> <p>▪ CSIEE</p>
▪ a ▪ c ▪ g ▪ m	▪ B1.13. Doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social.	▪ B1.11. Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.	▪ BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.	▪ Sabe que son e manexa as árbores xenealóxicas para identificar doenzas hereditarias	▪ 10%	<p>▪ CMCCT</p> <p>▪ CSC</p>
▪ f	<p>▪ B1.14. Técnicas da enxeñaría xenética</p> <p style="text-align: center;">TEMA 4</p>	▪ B1.12. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR.	▪ BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.	▪ Identifica as etapas da enxeñaría xenética	▪ 30%	<p>▪ CMCCT</p> <p>▪ CSIEE</p>
▪ g ▪ h ▪ m	▪ B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotecnoloxía. Bioética.	▪ B1.13. Comprender e describir o proceso da clonación.	▪ BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.	▪ Diferencia entre clonación terapéutica e reprodutiva	▪ 20%	<p>▪ CSC</p> <p>▪ CSIEE</p> <p>▪ CAA</p>

Biología e Xeoloxía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe Mínimos	Indicadores de logro	I. de logro %	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotecnoloxía. Bioética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.14. Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece as consecuencias sociais, éticas e ambientais da Biotecnoloxía 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotecnoloxía. Bioética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.15. Valorar e interpretar as aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandaría, no ambiente e na saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe que son os alimentos transxénicos e valora a súa polémica social 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 30% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.16. Orixe e evolución dos seres vivos. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. ▪ B1.17. Teorías da evolución. Feito e mecanismos da evolución. <p style="text-align: center;">TEMA 5</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece o orixe da vida ▪ Recoñece o concepto de Evolución ▪ Identifica e distingue as teorías evolucionistas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20% ▪ 20% ▪ 20% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.16. Orixe e evolución dos seres vivos. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. ▪ B1.17. Teorías da evolución. Feito e mecanismos da evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.17. Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece a Teoría da Endosimbiose 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.18. As árbores filoxenéticas no proceso de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.18. Interpretar árbores filoxenéticas, incluíndo a humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.19. Evolución humana: proceso de hominización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.19. Describir a hominización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica as fase da hominización 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
Bloque 2. A dinámica da Terra (TEMAS 3,2,1)						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece distintos feitos xeolóxicos que confirman que a Terra 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

Biología e Xeoloxía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe Mínimos	Indicadores de logro	I. de logro %	Competencias clave
▪ h	Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo como método de interpretación. TEMA11-12	fenómenos que suceden na actualidade.	que suceden na actualidade.	é un planeta dinámico		
▪ g	▪ B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo como método de interpretación.	▪ B2.2. Rexistrar e reconstruír algúns dos cambios máis notables da historia da Terra, e asocialos coa súa situación actual.	▪ BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.			▪ CAA ▪ CSIEE
▪ g ▪ h	▪ B2.2. Eóns, eras xeolóxicas e períodos xeolóxicos: situación dos acontecementos xeolóxicos e biolóxicos importantes.	▪ B2.3. Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra.	▪ BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.	▪ Identifica os conceptos de Eon , Era . ▪ Identifica sucesos xeolóxicos. ▪ Identifica os feitos xeolóxicos e biolóxicos máis importantes das Eras.	▪ 20%	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.3. Os fósiles guía e o seu emprego para a datación e o estudo de procesos xeolóxicos.	▪ B2.4. Recoñecer e datar eóns, eras e períodos xeolóxicos, utilizando o coñecemento dos fósiles guía.	▪ BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.	▪ Identifica e relaciona os fósiles guía con a súa era.	▪ 20%	▪ CAA
▪ e ▪ f	▪ B2.4. Interpretación de mapas topográficos e realización de perfis topográficos. Interpretación e datación de procesos representados en cortes xeolóxicos.	▪ B2.5. Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos e perfis topográficos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terreo.	▪ BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfis topográficos. ▪ BXB2.5.2. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.	▪ Sabe e ordena os sucesos xeoloxicos ▪ Interpreta un corte xeolóxico sinxelo ▪ Ordena cronoloxicamente aplicando os principios estratigráficos.	▪ 30% ▪ 20%	▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CMCCT

Biología e Xeoloxía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe Mínimos	Indicadores de logro	I. de logro %	Competencias clave
▪ g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico e xeoquímico. <p style="text-align: center;">TEMA 9-10</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe a estrutura composicional e dinámica da Terra 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico e xeoquímico. ▪ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece os conceptos de Litosfera e Astenosfera, a súa importancia para explicar a Dinámica da Terra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
▪ g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Recoñecer as evidencias da deriva continental e da expansión do fondo oceánico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece os conceptos de Litosfera e Astenosfera, a súa importancia para explicar a Dinámica da Terra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
▪ g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas. ▪ BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe os tipos de movementos das placas litosféricas ▪ Identifica as consecuencias dos movementos das placas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10% ▪ 10% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Explicar a orixe das cordilleiras, os arcos de illas e os oróxeos térmicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece a orixe das Cordilleiras e arcos illas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
▪ g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Contrastar os tipos de placas litosféricas e asociarlles movementos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica os tipos de Placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL

Biología e Xeoloxía. 4º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe Mínimos	Indicadores de logro	I. de logro %	Competencias clave
	histórica da deriva continental á tectónica de placas.	consecuencias.		Identifica os seus movementos		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Evolución do relevo como resultado da interacción da dinámica externa e interna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Analizar que o relevo, na súa orixe e na súa evolución, é resultado da interacción entre os procesos xeolóxicos internos e externos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer a evolución do relevo debido a interacción entre procesos xeolóxicos internos e extenos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
Bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente (TEMAS 7,8)						
